REVISTA QUINCENAL DE CRENTES GALEGOS

# IRIMIA

Benia quen constrúe a paz!

ANO XXXVII • Nº 994 - Do 3 ao 16 de setembro de 2018




## XLI ROMAXE DE CRENTES GALEGOS

## Sobrado dos Monxes

## 8 de setembro de 2018

# A foto que fala



Un venezolano e o seu fillo dormen na rúa, cerca dun control fronteirizo con Brasil. Segundo datos da ONU, 2,3 millóns de cidadáns (o 7% da poboación total) marcharon do país desde o 2014.

# O trasno Ruído e silencio... tamén no gobernar

Daniel López Muñoz



A Romaxe 2018 e a entrevista deste número ao prior de Sobrado son unha invitación explícita a valorar o silencio. O silencio que nos falta, o que tanto precisamos, o que nos dá durame e enxebreza como persoas. O que nos leva e nos ensina a escoitar. Ese mesmo silencio que vemos na xente traballadora desta terra, esa xente que fala pouco e ben, porque as palabras valen moito; e a mellor palabra é a que está por dicir... despois de moito escoitar.

Pero tamén, pola vía do contraste, podemos aprender esa mesma lección de realidade cotiá, do que pasa, do que vivimos e do que nos fan vivir.

Vemos como hai unha política do ruído, da escandaleira, da fachenda. Da inmodestia e do "venderse", do figurar como sexa, do inventar esas post-verdades que son as trolas de sempre por outros medios máis potentes.

Política de ruído é o afán de inaugurar, sexa un AVE inseguro ou unha plataforma no paseo marítimo que ninguén revisará en anos. Política de ruído é a das autoestradas inútiles para o saqueo do público -isto último en silencio, a ver, mentres non o detecte o xuíz-, e, xa non digamos, a cousa esta italiana das pontes colgantes, que son un prodixio arquitectónico mentres non caen abaixo por non se sabe que, ou si que se sabe, pero hai que disimular, manter o tipo con ruído e botarlle os mortos a Bruxelas.

A esquerda ten a tentación de caer na mesma trampa. Esa de poñer o foco no aparente e na aparencia. Por iso cando se entra nos debates dos orzamentos públicos é sempre a mesma leria: os de estribor a inaugurar a correr e a presumir do moito que invisten en infraestruturas e os da banda de babor a berrar contra o pouco que se constrúe.

Pero hai outra cara da acción pública que ninguén semella valorar. Que só lles acorda cando caen as pontes e os paseos marítimos: ese labor silandeiro de manter as cousas en perfecto funcionamento, de inspeccionar, de evitar desastres en silencio, de velar pola saúde, o benestar e a seguridade da xente de maneira calada e efectiva.

Que por que caen as pontes e os paseos marítimos? Pois porque o mantemento non se inaugura.

# Editorial Irimia, novos tempos, nova etapa

Como é ben coñecido pola maioría dos nosos lectores e lectoras, a revista *Irimia*, a partir do seu número mil -que se cumpre a remates do presente 2018-, vai iniciar unha nova etapa con cambios significativos. Trátase dun proceso longamente debatido nas asembleas de socios e que procura adaptarse aos tempos e aos recursos, así como aos novos xeitos de comunicación, e desembocar nun modelo sustentable, que se poida manter no tempo e dar resposta ao que se espera de nós.

As novidades máis evidentes serán o cambio de periodicidade (a revista en papel pasará a ser mensual e cun maior número de páxinas), así como o reforzo e renovación do formato e os contidos dixitais. Serán formatos complementarios dun mesmo medio: a revista *Irimia*. O "ritmo" do papel será máis reflexivo e o dixital poderá dar contrapunto áxil a unha realidade trepidante que non agarda pola maquetación, a impresión e unha distribución por correo, que tardan demasiado tempo.

A clave do noso futuro seguirá sendo a colaboración activa, gratuíta e igualitaria dese universo de persoas colaboradoras

Un medio como *Irimia*, con case mil números ao lombo, pode definirse pola súa propia historia e os seus peculiares "acentos".

*IRIMIA* nace nos albores dos oitenta como un medio popular, próximo e enraizado para promover a comunicación e o diálogo, o encontro entre a fe cristiá -que daquela se vivía con forza en clave posconciliar, liberadora e inculturada- e unha galeguidade "renacida", consciente e activamente militante. Medrou como medio de expresión e referencia (un "horizonte común", dicía Xosé Chao Rego) de persoas das máis diversas parroquias da xeografía galega e de comunidades e movementos de base. Medrou aberta, unindo e interesando, tamén, a un importante número de persoas que, sentíndose cómodas e afíns ao "planeta Irimia" e aos seus habitantes, compartían causas e enfoques, esperanzas e querenzas pola Terra desde diversas sensibilidades. *IRIMIA* medrou dialogante, crítica, aberta e plural. E así quere seguir.

A clave do noso futuro seguirá sendo a colaboración activa, gratuíta e igualitaria dese universo de persoas colaboradoras. A nosa achega, ademais desa "tendencia" que nos define, está en que os lectores sexan, en realidade, participantes do proxecto. Que cada quen defina e decida que pode e sabe comunicar do que pasa ao seu redor, do que vive o seu grupo vital, do que cómpre "contra-informar". Definir un grupo de xente colaboradora para este proxecto é a clave. Vaino pensando. Seguiremos informando.

# Rumores de esperanza

Xan Guillén

Desván de los monjes. Quen non lembra a fantástica metedura de zoca de certo conselleiro de ¿cultura? falando das marabillas do Camiño de Santiago? Pois alí iremos de Romaxe este ano. Non a un "desván", senón a todo un "sobrado". Non é a miña tarefa falar ben dese lugar, que, como me acaban de dicir, é dos máis acolledores de Galicia. De seguro que o farán moito neste número de *Irimia* e tamén no seguinte.

Eu vou falar de toponimia. Hai que recoñecer que ao longo destes anos melloramos moito neste tema a nivel social. Queda por facer moito, pero é dos ámbitos máis normalizados. A ninguén lle dá por dicir *Mugía sen sentir un calafrío na caluga. Se alguén nunha reunión di que vai pasar a tarde en *Arteijo ou *Rianjo, créase un silencio incómodo que condicionará toda a reunión.

Polo visto, este verán os que hai uns anos se autoproclamaban bilingües e agora xa saíron do armario e chámanse "hablamos español" foron a Sanxenxo para recoller sinaturas polo topónimo *Sangenjo de toda a vida. Contáronlle a este rumoroso que a cousa foi un fracaso de magnitudes interplanetarias. De feito, cando comentaron a noticia nas redes sociais, foi ben pavera unha señora que se dirixía á xefa dos bilingües dicindo "Te hoy en la radio…". Se non dás entendido o que quería dicir, dígocho:




"Te oí en la radio...". Eu tamén tardei en comprender.

Vémonos nuns días en Sobrado dos Monxes. Metede no GPS ese nome ou, mellor, seguide as indicacións que na revista se darán. Son máis fiables ca buscar ningún desván.

1



3



2



4




# A peneira

## 1

O curso 2018-2019 comeza o 12 de setembro para Infantil e Primaria e o 17 para Secundaria e Bacharelato, mentres os sindicatos denuncian a PRECARIEDADE LABORAL do profesorado. A CIG Ensino pon o foco no aumento do número de docentes con destino provisional (6 875 profesores, o 21% do total do profesorado galego) e naqueles que deberán impartir materias das que non son especialistas (máis de 1 500).

## 2

Máis de 200 familias galegas seguen a buscar os restos dos seus familiares desaparecidos na Guerra Civil e na ditadura. As EXHUMACIÓNS, coordinadas pola Asociación pola Recuperación dos Desaparecidos no Franquismo, descubriron restos de 37 persoas na maior fosa común coñecida, no concello de Aranga. Os traballos continúan noutras fosas en Aranga, Foz ou a Póboa do Brollón.

## 3

Segundo o INE, Galicia perdeu entre 2013 e 2016 máis do 5% da súa SUPERFICIE AGRARIA, a metade da que se perdeu no conxunto do Estado. Neste momento a superficie agraria útil non chega ao 25% do territorio do país, o que nos sitúa nunha das porcentaxes máis baixas de Europa. Moitas desas leiras están agora plantadas de eucaliptos, unha árbore que, segundo Unións Agrarias, ocupan xa 30 000 hectáreas de terras agrarias.

## 4

O Consello da Cultura Galega dixitalizará o semanario *A NOSA TERRA* e porao a disposición pública e gratuíta a través da súa páxina web (xa se poden consultar os 26 primeiros números). *A Nosa Terra* editouse entre 1977 e 2011 e, en palabras de quen foi o seu director, Alfonso Eire, "supuxo un xeito novo de facer xornalismo e tratar temas que ata o momento eran marxinais na prensa".









Alfonso Blanco Torrado

## 5

**O BLOQUEO ISRAELÍ** ao territorio palestino afféctalle tamén ao mar da franxa de Gaza, onde aos mariñeiros unicamente lles está permitido entrar 6 millas para pescar. Segundo o voceiro da Unión de Pescadores, Zakaria Baker, máis do 95% dos mariñeiros viven na pobreza e a pesca pasou de representar o 5% da economía palestina a menos do 2%.

## 6

A morte a comezos de agosto dun paciente no PAC da Estrada por falta de médico veu dar a razón ao Consello Galego de Colexios Médicos, que previan para este verán "unha sobrecarga asistencial" e puxo no punto de mira a política de aforro do Sergas. **PAC'S EN PÉ DE GUERRA** levaba tamén meses denunciando a situación de deterioro na que se atopan as urxencias de primaria e reclamando persoal e medios para poderen realizar con solvencia o seu traballo.

## 7


Carballo converterase na capital galega do teatro coa celebración da XXVII edición do **FIOT**, o Festival Internacional Outono de Teatro. Aínda non foi presentada a programación, pero xa sabe que outorgará o galardón *Xograr de outono 2018* a Manuel Lourenzo. O xurado quixo recoñecer con el a un dos principais referentes do teatro en Galicia. Dramaturgo, director, actor, promotor teatral, formador de moitas xeracións de actores… Manuel Lourenzo leva dedicada a súa vida a esta arte.

## 8

O 15 de setembro cadran no calendario dúas **XORNADAS** ben distintas, pero que teñen a cuestión de xénero no fondo. Por un lado, as I *Xornadas mulleres e deporte*, que se van celebrar en Lugo e que terán como tema "rachar cos moldes do adestramento". Por outro, as *III Xornadas Diversidade sexual dende a educación*, que terán lugar na capital de Galicia e que dedicarán boa parte do día a compartir experiencias de boas prácticas de igualdade e diversidade LGTBI nas aulas.

# Política Municipais 2019

Pedro Pedrouzo Devesa




Arrinca o novo curso político, que culminará coas eleccións municipais de 2019, que nos darán unha imaxe algo fiel do músculo político de cada partido. Coas evidentes particularidades que teñen unhas eleccións locais, saberemos se o desgaste do PP é tan grande como nos dicían as enquisas. Comprobaremos como se valora o novo goberno, tamén minoratario do PSOE. E saberemos como andan de saúde política as forzas do cambio. En clave galega, BNG e Mareas concorrerán con distintas expectativas. Mentres as Mareas testarán especialmente os seus gobernos de cambio nas grandes cidades, o BNG, que parece superou o seu momento crítico de apoio, deberá demostrar se segue sendo unha forza municipal necesaria para orientar os gobernos locais cara a alternativas de cambio.

> As entidades locais son, de seu, o gran espazo democrático e de convivencia dun territorio

Non se agardan eleccións tan vibrantes como as de hai catro anos, cando o mapa municipal mudou de forma tan drástica, especialmente nas dúas grandes capitais, Madrid e Barcelona, e que tiveron o seu reflexo galego en Santiago de Compostela, A Coruña e Ferrol. Pero si que teñen unha grande importancia para coñecer o grao de satisfacción dos cidadáns coas ilusionantes apostas que vivimos daquela e que, aínda que posiblemente non foron materializadas en gran medida, si bosquexaron unha tendencia prometedora na forma de facer política.

O exame destes gobernos protagonizará os vindeiros meses. E máis que o exame externo, importará o autoexame que se fagan, que sirva para deseñar un programa político claro e ambicioso de cambio na maneira de facer a política nos concellos. Pero fundamentalmente deberá ser realizable. Os novos programas políticos deben ser claros e posibles. Desta vez non valerán excusas de falta de experiencia ou inocencia política.

Os dous grandes eixos que deberían configurar as novas políticas son a factibilidade e a transparencia. Será necesario que aumenten as ferramentas coas que contemos os cidadáns para coñecer e avaliar a acción dun gobernos municipais. As entidades locais son, de seu, o gran espazo democrático e de convivencia dun territorio. Encher os programas de promesas incumpribles e actuar coas portas pechadas non axudan a xerar unha auténtica cultura adulta e democrática nas nosas cidades, senon que fomentan que perdure a política de despacho, do *quehaydelomío* tan tristemente enquistado no noso país.

# O peto común

Rubén Aramburu

Ao compañeiro e amigo Xesús Mato outorgáronlle a medalla Castelao. Non estaba moito polo labor de aceptala, mais moitos dos amigos convencérono. A medalla, aínda que moi institucional, foi un pouco para todos nós e, cando menos, leva o nome de Castelao.

Xesús Mato é cura romaxeiro, participou na creación de Fuxan os ventos, dinamizou pastoral, social e culturalmente a montaña de Lugo. Foi pioneiro na radio e un gran director musical.

Vivimos tempos ben duros onde aqueles que tiñan que ser pastores asemellan lobos cos años indefensos. E non será hora de mudar este sistema clerical-patriarcal e medieval? A igrexa parece que esmorece no mundo occidental. Nas parroquias da nosa terra non asisten á misa máis que velliños; a mocidade está ausente. A secularización é salvaxe e parece que pechamos os ollos termando do aparato.

Persoas como Mato son lumieiras acesas que indican camiños. Sobran adornos e precisamos dunha restauración máis intensa ca a do Pórtico da Gloria. Veña! Que vén aí a Romaxe nun lugar cheo de espiritualidade! Un pórtico de xente viva!



## O CARRABOUXO por Xosé Lois






# XLI Romaxe de Crentes Galegos

## Convite á Romaxe

A celebración volve ás súas orixes, recuperando o Frade e a Meiga, no escenario incomparable de Sobrado






Compañeira/o:

A **Asociación Irimia** comprácese en **convidarte**, xunto cos demais membros da túa comunidade, parroquia, grupo, asociación, familiares e amigas/os, a compartir a ledicia de vivir gozando nunha xornada de intensa **irmandade e convivencia**, en sintonía co compromiso social, desde a **fe e a galeguidade,** desde o mutuo respecto a todas as verdades e razóns, desde a tolerancia a todas as ideas.

Co lema ***NO SILENCIO, O BERRO SECO***, esperámosvos onda os nobres e artísticos muros barrocos do **mosteiro de Santa María de Sobrado**, para celebrar e, profeticamente, reivindicar a nosa fe de crentes, inseparable do noso ser galeguista, e desde esa firme realidade, solidarias/os universais con todos os pobos do mundo, con predilección polos máis empobrecidas/os e explotadas/os.

Estás, pois, convidada/o, a pasar un alegre e gozoso día de celebración e festa, entre amigas/os e afíns, nun lugar cheo de historia, arte e simbolismo, onde os monxes, xunto ao pobo e co pobo, viviron, loitaron, sufriron, amaron e festexaron.

Este Sobrado, segundo uns, vén do latín *superadditu,* parte alta da casa, mentres outros defenden que procede da abundancia de sobreiras, que aínda se ven pola bisbarra, *suberatum* en latín. Pasaremos, pois, esta xornada no vetusto e importante condado de Présares, creado en tempos da monarquía sueva; os condes Hermenexildo e Paterna fundaron o mosteiro

Os protagonistas da celebración serán o Guieiro, o Frade Irmán Silverio, a Meiga Galicia e o Pobo

de Sobrado no ano 952, profesaron nel e legáronlle todas as súas posesións. O rei Ramiro III, no ano 968, confirmou o condado ao mosteiro de Sobrado, que desde entón "imperou", é dicir, gobernou o condado coa autoridade do rei.

Despois de diferentes acontecementos, foi reconstruído no ano 1142 con monxes de Claraval por orde de Afonso VII e do conde de Traba; pouco queda desta primeira edificación. Se foi enorme a riqueza e o poder, cando acadou o señorío e a xurisdición de Présares, moito máis se acrecentou cando no ano 1498 se ligou á Congregación Reformada do Cister. Foi daquela cando se ergueu a suntuosa igrexa, os claustros e a represa para fornecer de auga e troitas os moradores do mosteiro. Como dato da súa importancia, dicir que no século XVII tiña 80 monxes e moitos irmáns conversos e colonos, e daba esmolas diariamente a máis de 600 persoas, dedicando a iso uns 5 000 ferrados de trigo e centeo. Contan as crónicas que no 1773 durmiron na albergaría 8 000 peregrinos de Santiago e outros 3 000 viaxeiros e visitantes[1].

Ven gozar da celebración, da festa e da historia!

Agardámoste en Sobrado o día 8.

Asociación Irimia

A de Sobrado é unha comunidade de corazón solidario, dedicada á oración e ao traballo, amante do silencio

## HORARIO DA ROMAXE

11.00 h Acollida de romeiros/as (cun petisco)

12.00 h Celebración *No silencio, o berro seco*

14.00 h Xantar compartido

16.00 h Festa rachada

18.30 h Oración da tarde (na Igrexa conventual, preparada pola comunidade de Sobrado)

### Aviso aparcamento

Hai moito sitio para aparcar na zona onde se localiza o polideportivo de Sobrado. Aínda así, os coches e autobuses que precisen facer baixar a xente preto do lugar da celebración poden facelo na praza do concello (a que está antes de atravesar o arco de entrada que dá acceso aos terreos do mosteiro).

Despois de deixar a xente, deberán dirixirse á zona do polideportivo para aparcar.

1 - Datos recollidos de *Galicia enteira* (X L Laredo Verdejo).

# Romaxe 2018 Conversando con Carlos Gutiérrez Cuartango, prior de Sobrado dos Monxes

Redacción



Carlos Gutiérrez, prior de Sobrado

*Carlos Gutiérrez, segundo el mesmo nos conta, coñeceu Sobrado por un programa de televisión, cando era estudante de medicina en Santander, que é o seu lugar de orixe. "Pasei uns días vivindo na comunidade, namoreime e iso trastocou os meus plans, de tal xeito que… velaquí estou desde hai 37 anos". Carlos acóllenos con amabilidade e intelixencia, como acolle a súa comunidade a tanta xente que busca sentido no medio de tanto ruído.*

**Pois si que o teu foi un "cambio de plan", se cadra ben difícil de entender por familiares e amizades....**

A miña familia non o entendeu naquel momento. Moitos dos meus amigos e "dos meus" pensaron que se me fora a cabeza, posto que as súas expectativas sobre min, en relación á transición política e social, quedaban frustradas. Lembro que cando comecei a falar de oración no grupo cristián co que compartía a fe, non o comprenderon porque lles resultaba desencarnado e sospeitoso de espiritualismo.

## A palabra que emerxe do silencio contemplativo sintoniza universalmente co corazón humano

**Explícanos logo, para que o entendamos ben, cal é o don que Deus pon especialmente nas vosas mans para que o compartades coas mulleres e cos homes do noso tempo?**

A ver. Queremos que Sobrado sexa un espazo no que se respire silencio nun ambiente orante, no cal, crentes e non crentes, poidan facer unha parada para atopar augas vivas no deserto da súa existencia, ou para reconfortar e reavivar a súa fe. A palabra que emerxe dun auténtico silencio contemplativo ten unha forza comunicativa capaz de sintonizar, universalmente, co corazón humano. Queremos acoller as persoas polo simple feito de seren persoas, por seren fillas de Deus, independentemente da súa raza, clase social, lingua, sexo, cultura ou relixión; que poidan atopar un lugar no que se manifeste o sentido da gratuidade, onde encontren unha parábola de comuñón fraterna, un testemuño vivo de plenitude festiva na monotonía, de presenza silandeira e orante, no que rezume unha sensibilidade solidaria con todos e con todo. Un fogar no que os que se achegan poidan encontrar unha acollida incondicional e un acompañamento integral, no que se palpe o coidado da dimensión estética, da revitalización litúrxica e do cultivo da espiritualidade.

**A romaxe que imos celebrar aquí di "No silencio, o berro seco". Estamos nun momento de ruído tecnolóxico, de ruído informativo e de ruído puro e duro, dese que manca nos tímpanos. Polo que dis, o silencio ten moito que dicirlles ao home e á muller desta hora?**

Ofrécenos a oportunidade de traspasar os ruídos que nos traen e levan ao seu antollo e que promoven o home superficial. O silencio contemplativo axuda a achandar o camiño que permite darlle vida á persoa conducida polo Espírito. Ancorar no silencio é fundamental para poder comunicar palabras de vida de primeira man.

**En Irimia lembramos con agarimo e agradecemento o mosteiro que nos axudou a nacer e medrar, aló polos 80. Aquí era o lugar de distribución da revista e foi lugar de encontros, reflexións e debates. Houbo un soño en relación a Sobrado: que fose dalgún xeito o Montserrat dunha Igrexa que quere ser galega en Galicia, catalá en Cataluña e bretoa na Bretaña. Segue vivo todo iso? Como se pode manter viva esa luz?**

Lembro con moito agarimo aqueles tempos que coinciden coa miña entrada en Sobrado. Actualmente mantemos a nosa implicación coa Igrexa Galega e tentamos ser receptivos aos signos dos tempos desde o noso carisma concreto. Sentímonos comprometidos co lugar onde vivimos. Ao estarmos incardinados no Camiño Norte de Santiago, vivimos a cotío na Galicia que reborda as súas propias fronteiras para saír ao encontro de diversas culturas e tradicións. A afluencia de peregrinos, hóspedes e visitantes de todas partes convídanos ao diálogo vivo e á comuñón desde a nosa propia identidade.

**Por outra parte, somos, dalgunha maneira, herdeiros daquela síntese de "loita e contemplación" de Taizé, de militancias e eucaristías con significado vital. Entre os nosos santos de cabeceira figuran contemplativos, como Tomas Merton ou Ernesto Cardenal. Agora observamos unha volta á contemplación con fenómenos como o da "Biografía do Silencio". ... Perdemos loita con esa contemplación?**


Taizé foi, e creo que segue a ser, unha referencia da encarnación de loita e contemplación ou, dito doutro xeito, dunha mística dos ollos abertos; "*Biografía do silencio"* recupera para crentes e non crentes a espiritualidade cristiá orixinaria, nacida co fenómeno do monacato. Lémbranos que necesitamos devolverlle a Deus o protagonismo e dar prevalencia ao don, que sempre debe anteceder a tarefa. A súa contribución non me parece excluínte. Creo que é un correctivo que nos recorda desde onde loitamos e que nos axuda a manter vivo o sentido do que facemos.

## Sentímonos comprometidos co lugar onde vivimos

**O monacato sempre estivo situado no rural e sempre estivo moi unido ao traballo agrícola. Como é a vosa relación hoxe co mundo rural?**

Ata hai pouco menos de dous anos, a actividade fundamental do mosteiro foi unha explotación agropecuaria con produción de leite. A día de hoxe, continuamos coa agricultura ecolóxica na horta do mosteiro. Por outra banda, en relación co medio rural, estamos sempre dispoñibles para colaborar coas actividades promovidas polo concello e os movementos culturais rurais.

**Que está supoñendo na vida do mosteiro a configuración da nova "unidade pastoral de Sobrado dos Monxes?**



*Deserto-Soidade*, de Enrique Mirones, monxe de Sobrado

# Romaxe 2018 Conversando con Carlos Gutiérrez Cuartango, prior de Sobrado dos Monxes

Redacción



Panorámica do mosteiro

Unha maior implicación e máis activa. A raíz da celebración do Sínodo Diocesano, proposta por David, o noso párroco, decidimos que a igrexa conventual do mosteiro fose actualmente a sé da unidade pastoral. Con iso preténdese que o mosteiro sexa o lugar de referencia da vida sacramental da unidade pastoral de Sobrado dos Monxes.

**Co papa Francisco andamos en "tempos de reforma". Cales serían as claves que consideras máis importantes para unha reforma eclesial autenticamente evanxélica?**

As claves teñen que ver coa volta ao evanxeo e o retorno a Xesús de Nazaré. Teriamos que iniciar ou proseguir un proceso efectivo de desclericalización, devolvéndolles aos crentes o seu dereito a seren adultos na fe. Tamén é urxente promover unha relación horizontal desde abaixo cos homes e mulleres do noso tempo, tanto no seo da igrexa como fóra dela.

**E o monacato, que tipo de reforma precisa?**

Pois tamén unha volta ao evanxeo e o retorno a Xesús de Nazaré. No marco constitucional dos valores monásticos, temos avanzado figurativamente nesta dirección, facendo reaxustes na xerarquía dos valores, na súa ordenación e acentuación. Pero, a pesar deste titánico esforzo, aínda non está todo feito, nin moito menos. A nosa época caracterízase por correr, e ademais a un ritmo vertixinoso, e vén etiquetado con datas de caducidade inminentes. Verbos como moverse, camiñar, buscar, explorar, que implican un alto nivel de risco e inestabilidade coa conseguinte propensión aos erros, son expresión da dinámica á que nos urxe o futuro, que nos gusta contemplar como signos inequívocos de que hai profusión de vida. A volta ao evanxeo introdúcenos na dinámica da provisionalidade.

> A nosa maneira singular de estar no mundo procura compartir o que somos, neste espazo de silencio, con quen se achega a nós

**Unha mensaxe final ás persoas lectoras desta entrevista...**

Os monxes somos persoas como as outras, pero cunha vocación peculiar e pouco frecuente, da que a paixón vital é o encontro con Xesús de Nazaré e co Cristo da fe. Non queremos vivir para nós mesmos, senón para os demais. Por iso desexamos que a nosa maneira singular de estar no mundo teña como finalidade compartir o que somos e o que vivimos neste espazo de silencio, de comuñón e de misericordia con todos os que se achegan á nosa casa. Queremos que todos poidan coñecer e gozar do inmerecido tesouro do amor incondicional de Deus, que é patrimonio de todas as persoas polo simple feito de sermos seres humanos.

# Pingas de orballo Agustín Fernández Paz

Baldomero Iglesias Dobarrio [Mero]



Lembro cando, estando na Habana, dixo: "..A música éche moita arte xunta, capaz de facer que volvamos ao camiño e erguer os corazóns". Foron unhas verbas que pronunciou, así de paso, cando baixabamos do escenario da Casa de Rosalía de Castro, na capital cubana, no ano 2008, febreiro, na Feira do libro. Alá foramos unha expedición galega moi limitada amosarnos copropietarios da honra e do orgullo, da homenaxe á nosa orixe e nación de procedencia, á nosa lingua. Feira do libro dedicada a Galicia, case nada! E foi todo un éxito, malia a maledicencia dos políticos da oposición, ao noso e ao bipartito, que naqueles tempos tiñan goberno e fixeron o imposible para desacreditalos coa ofensa e a mentira e, de paso, procurar réditos falsos nas urnas. Había un interese enorme no estranxeiro por coñecer as nosas esencias e existencias; iso era o importante. Artes e autores nesta volta, alá tan lonxe, dando a alma en charlas e concertos, con provisión de coñecementos e de lembranzas, memorias de dignidade e irmandade, mesmo de familias que alá estaban desde a noite dos exilios e da emigración e que cheguei a coñecer nunha emoción compartida en prantos. Emoción que transcendeu con Anisia e Neira Vilas, e máis xente, que foron testemuñas e embaixadores do noso naquel evento tan significado.

Percorremos amigos
comúns mesturados
con fadas e trasnos
para entrar xuntos nos
corredores das sombras

Na feira, seguindo o programa, fixemos un acto literario e musical no Centro Cultural Rosalía de Castro. Había unha chea de rapazada, estaban de ensaio, vestindo faralás de lunares, traxes do máis castizo. Estaban a bailar pezas andaluzas entre resgueos de guitarras aflamencadas. Ambiente hostil para o que nós levabamos. Entón collemos a canción de "A Rumboia" (as pezas tradicionais son sempre moi agradecidas) e cantamos invitando a toda a xente, tentando involucrar na repetición daquilo de *Federico Antón, Federico Antón, marcha mañana. Federico Antón, Federico Antón, para La* Habana. Xa estaban no bote! Toda a xente aprendeu e mesmo bailaron ao aga-

# Pingas de orballo Agustín Fernández Paz

rrado. Debuxóuselles un sorriso na cara, un ánimo gozoso de brillo nos ollos, e estaban metidos na nosa fala, alí na Casa da Santiña, como chamaban os máis vellos a Rosalía de Castro, no Centro Cultural do seu nome. Un pasodobre galego e en galego deu entrada ás declamacións e relatos que despois viñan. Cantamos algunha peza máis, mesmo axudou o Suso de Toro –que soñou sempre ser vocalista dunha orquestra, e faino ben o condenado!- e o Xabier P. Docampo, festeiro maior da Chaira. O Agustín recoñeceu o valor da música para crear atmosferas marabillosas: a música é moita música! Reparaba no mínimo detalle, conciliaba con outros grandes comunicadores de emocións, como Paco Martín, Fina Casalderrey, Xabier Senín, Afonso Sanmartín, Andrés García Vilariño, X. Antón Cabarcos e, con especial contundencia, co Docampo: foron moitos anos de partillar múltiples soños, actividades que fixeron transcender o esforzo xe-

Agustín recoñeceu o valor da música para crear atmosferas marabillosas

racional, tan intenso, por dar dignidade á Lingua e á Casa.

Era puntualísimo cumpridor das dietas, descansos e medicacións da prescrición médica. Sempre tiña saídas agudas para todo, como cando se escusou para marchar dun encontro de amigos e dixo que tiña que chegar a Vilalba en tempo, pois ía morrer Carrero. Toda a xente quedou coa incógnita nos ollos, como inquirindo algunha explicación máis precisa. Deuse conta e dixo: "Non, non, non vos é o que pensades, o tal Carrero é un porco cebado que temos na casa, da última rolada, que deixamos para o noso consumo."

Tiña un gusto especial pola poesía e un namoro preferente pola poesía de Valente, veneración polo cómic e a banda deseñada, polas flores, sobre todo, as rosas. Cando ía a Vilalba, á súa casa, sempre lle levaba flores á mai –con eme, si, na Terra Chá, bilabial coma os bicos máis sentidos– e gustaba levar rosas en maceta, para plantar e que prevalecesen. Mirando para atrás, lembraba as andainas súas como reloxeiro en Euskadi e Barcelona, as conversas con Bernardo García Cendán, co que botaba grandes paroladas percorrendo tardes e rúas de Vilalba. Sempre soñaba con volver durmindo nas lonxincuas noites do alén entre os fríos da distancia. Percorremos amigos comúns mesturados con fadas e trasnos para entrar xuntos nos corredores das sombras e, por veces, nas ausencias que nos doían. Botamos man dos panos para secar recordos, pero satisfeitos desa amizade que nos acrecentou ilusións e esperanzas. Esa que perdura, como todo aquilo que habita os nosos corazóns e que nos marcará os latexos dos días!




Deputación DA CORUÑA

**EDITA:** Asociación A. IRIMIA Dende setembro de 1981 **FEITO EN PAPEL RECICLADO**
**MESA DE REDACCIÓN:** Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.
**COLABORADORES:** Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.
**CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:** Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.
**RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN:** revistairimia@asociacion-irimia.org
**SUBSCRICIÓNS:** Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscricions@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.
**PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA:** asociacion-irimia@asociacion-irimia.org
**CONTA:** ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago
**DEPÓSITO LEGAL:** C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓN:** TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)
**ISSN:** 2172-9182 **IMPRIME:** TÓRCULO Artes Gráficas **DISTRIBÚE:** IMPACTA
**EDICIÓN ELECTRÓNICA:** http://asociacion-irimia.org/revista.html

# Boa Nova



## A CLAVE

**NON HAI PEOR XORDO QUE O QUE NON QUERE OÍR**

Non é a primeira vez que se nos presenta a Xesús coma un sandador, un curandeiro. Nesta pasaxe nárrase o seu encontro cunha persoa xordomuda. Mais isto non vai de acusias nin de doenzas físicas. As variadas traducións xa nos poñen en aviso sobre as diferentes interpretacións do relato: non se trata dun xordo, e moito menos dun mudo, xa que hai quen di que falaba con dificultade, xa que era tartamudo.

Non estamos ante un milagre que rache coa lóxica científica. Fálasenos da nosa relación con Xesús e se somos quen de escoitar a súa mensaxe. Porque, como di o refrán, non hai peor xordo que o que non quere oír.

Non é tanto a xordeira senón a relación que se establece entre Xesús e o xordomudo. Dísenos que o aparta do resto da xente e que lle fala directamente a el. A relación con Xesús precisa de confianza e de cercanía. Queda graficamente ben indicado se pensamos que lle mete un dedo na orella e na boca.

"No silencio, o berro seco", di a Romaxe. Para escoitar precisamos primeiro facer silencio. Non oímos, non entedemos a mensaxe de Xesús polo gran ruído en que vivimos, un ruído en grande parte interior. Estamos xordos, aínda que escoitemos.

Como o xordo que fala con dificultade, como poderemos nós falar con claridade se primeiro non somos quen de escoitar?

Como cultivar o silencio para nos abrir á mensaxe de Xesús? Abrir os oídos, abrir a mente, abrir o corazón. Efatá.

J.A. Martínez

## A PALABRA

**DOMINGO 9 de setembro. XXIII do Tempo Ordinario**

**A PALABRA Mc 7, 31-37**

Naquel tempo, deixando Xesús Tiro, veu dar por Sidón ao mar de Galilea, atravesando a Decápole. Presentáronlle un xordomudo, e suplicáronlle que lle impuxese as mans. Xesús, separándoo da xente, meteulle os dedos nas orellas, e tocoulle a lingua con cuspe. Logo, erguendo os ollos ao ceo, suspirou e dixo: «Effatá» ou sexa «ábrete.» E no instante abríronselle os oídos, e falaba perfectamente. Logo prohibiulles contalo a ninguén; mais canto máis llelo prohibía, máis o espallaban. E a xente, totalmente abraiada, comentaba: «Que ben o fai todo! Fai que os xordos oian e que os mudos falen»

## O ECO

Comecei a sentarme a meditar en silencio e quietude pola miña conta e risco, sen ninguén que me dese algunhas nocións básicas ou que me acompañase no proceso. A simplicidade do método –sentarse, respirar, acalar os pensamentos…– e, sobre todo, a simplicidade da súa pretensión –reconciliar ao home co que é– seducíronme desde o principio. Como son de temperamento tenaz, mantívenme fiel durante varios anos a esta disciplina de, sinxelamente, sentar e recollerse; e enseguida comprendín que se trataba de aceptar con bo talante o que viñese, fose o que fose (…)

Inicio da obra "Biografía del silencio. Breve ensayo sobre meditación" de Pablo d'Ors.

*http://www.siruela.com/archivos/fragmentos/BiografiaSilencio.pdf*

© FOTO https://pixnio.com/es/gente/hombres/muchacho-tecnologia-tunel-muchacho-auriculares-manos

# Falando da lingua Repetimos!!!

Lidia e Valentina




Xeroglífico: Que lles ofreceu a revista ás rapazas da lingua?

E volvéronnos fichar! Aquí estamos outro ano para compartir con vós a contraportada! Non pensedes que as tivemos todas con nós, despois do de Cristiano Ronaldo…, podía pasar o que lle cadrase… Estamos a piques de chegar ao número mil desta maravillosa revista *Irimia*! Celebrarémolo con vós e a partir dese momento compartiremos estas liñas cada 30 días: xa o saberiades, pero se non fose así, está explicado no "Editorial".

E como se vai desenvolvendo o voso verán? Gozastes dalgún tempo de vagar, de lecer, de ocio? Vaia, se o tivestes e non queredes falar do conto, facedes ben, a galiña non ten que saber que os pitos durmiron fóra… Sempre temos a nosa primeira cita na revista que chega ás vosas casas antes da Romaxe; este ano a Romaxe cae tan cedo que nos pilla en pleno verán! Así e todo, tede presente aquilo de que "Tras da Peregrina, inverno encima, e tras da Romaxe, tumbona ao garaxe".

Nós si que tivemos unha horiña para fuxir do mundanal ruído, pero aquí estamos, ben contentas e agradecidas de poder voltar! E andamos polo norte da península e… en canta estima teñen o bable por terras asturianas: nas cidades, nas aldeas, a mocidade, os nenos nos parques, os máis vellos, na cartelería todo en castelán e en bable… Emocionante! De verdade que botamos en falta ese sentimento do amor polo propio cando estivemos de volta… Vaia, xa sabemos que vós si estimades e valorades a nosa terra, a nosa lingua, xa sabemos que vós tedes ben presente aquilo que dicía Castelao: "Se aínda somos galegos, é por obra e gracia do idioma", pero é o de sempre: escoitan a prédica de que hai que ser puntual os que chegaron na hora, cando realmente é para os que aínda non están…, e a vós pásavos outro tanto desta volta…

Polo de agora, citámosvos en Sobrado dos Monxes o 8 de setembro. Alá celebraremos a sorte e a ledicia de sermos cristiáns galegos. Vémonos na Romaxe!

## IMPRESO PARA FACERSE SOCIO DE IRIMIA OU SUBSCRIBIRSE Á REVISTA

Se queres facerte socio, subscribirte á revista IRIMIA (ou coñeces a alguén que lle poida interesar recibir de balde os tres próximos números da revista) recorta este impreso e envíao ó Apartado 296 - 15704-Santiago de Compostela, ou escríbenos a irimia@wanadoo.es ou subscricions@asociacion-irimia.org

NOME: . . . . . APELIDOS: . . . . .
ENDEREZO: . . . . .
CÓD. POSTAL: . . . . . CONCELLO OU CIDADE: . . . . . PROVINCIA: . . . . .
TELÉFONO . . . . . CORREO ELECTRÓNICO . . . . .

**QUERO SER SOCIA/-O:** 3 € ❑
**QUERO SUBSCRIBIRME:** Ordinaria: 30 € ❑
De apoio: 45 € ❑ Subscrición anual (22 números)
**QUERO SER 60x100:** **60 € ❑**

**DOMICILIACIÓN**
BANCO OU CAIXA E AFORROS: . . . . .
DOMICILIO DO BANCO: . . . . . CÓD. POSTAL: . . . . .
CONCELLO OU CIDADE: . . . . . PROVINCIA: . . . . . TITULAR DA CONTA: . . . . .
Nº de CONTA: _ _ _ _ /_ _ _ _ /_ _ /_ _ _ _ _ _ _ _ _ _

Sírvase atender ata novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados ó seu cobro por IRIMIA.

En . . . . . a . . . . . de . . . . . de 201__.

Atentamente.

Se queres podes ingresar directamente en calquera das nosas contas indicando claramente o teu nome no impreso de ingreso e enviándonos unha copia xunto cos teus datos.
Conta: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822